

ESTANCIAS DO REGRESO

-I-

Puidera ser que un día de regreso
se vestira Saor de alegre outono
pra verme retornar, cheo de sono,
durmir cabo dos meus, á terra preso.

Puidera ser que un día de ouro aceso
cantaran os carballos con voz suave
pró seu irmán que volve, lento e grave,
cangado cun amargo e duro peso.

Duro peso dos anos e os fracasos,
dos lugares e as cousas non amadas
que o tempo foi volvendo en amargor,
e unha pequena luz nos ollos lasos
que gozaban nas cousas estimadas
pero sempre mirarcn a Saor.

-II- A FAÍSCA, TRAÍDA DE PEQUENA PRA CASA DOS PAÍS

Dona da beiramar, miña Faísca
que devanas agora por Saor,
o tempo foi pasando e xa se albisca
un outono paciente no solpor.

Dona da beiramar, lapia odalisca
que viñeches comigo pró meu lar,
o tempo é coma un páxaro que lisca
cando tu xa coidabas de o pillar.

Dona da beiramar, e nos carballos
pousan as arañeiras e os orballos
que vai tecendo o tempo soñador,
e tu xa vas volvéndote velliña,
dona da beiramar, cadela miña
que viñeches de Vigo pra Saor.

-III-

Saor

De repente abrollaban por abril
miles de bochos grises que se abrian
e as chairas de Saor arrecendian
a seiva turbulenta e xuvenil,
e rebentaba en cores o brutal
impulso de medrar que era contido,
e nos eidos soaba un adoecido
concerto de luxuria vexetal,
mais a gran maravilla era a primeira
follaxe multicolor da carballeira
brillando esplendorosa baixo o sol
naquela vizosísima vaganta
onde alegre cantaba a carricanta
e ás veces revoaba un oriol.

-IV- PASTICHE DA VELLA MACIÑEIRA

Como reveu aquela maciñeira
de mazás molaríñas que eu soía
comer cando setembro relucía
na folla miñdiña e cantareira.

Como reveu e está de velloqueira,
que poucas pólás ten, ela que erguia
mesta follaxe ó vrán e defendía
tan ben perante a choza da raxeira.

Como está lastimosa e engurrada
diante a casa nadal, avellocada
e a piques de ser leña a coitadiña,
pois o tempo é treidor e axiña pasa
e hoxe nin un paxaro fai a casa
na vella maciñeira molaríña.

-V-

Nun luci

Non hai lugar coma o lugar nativo
nin pan coma o do forno ben roxado

da casa que os avós deron labrado
con pacencia e sudor e esforzo altivo.

Non hai fogueira coma o lume vivo
que alapeaba alegre o peldurado
na ruada invernal, lume sagrado
de contemplar soñando e pensativo.

Nin hai palabras coma aquelas vellas
con sabor a torrón, apregañadas
na memoria de nós coma nocellas
ou terquísimas hedras arraigadas
no corazón, na lingua, nas orellas,
pra darriles nome ás cousas más amadas.

-VI-

Volver aló, chantar os pes a gusto
nunha chousa de meu, collar relente
da terra fonda e negra, lentamente
botar folla e medrar coma un arbusto.

Volver aló, volver áínda a custo
de rever e ser menos, encollido
á antiga dimensión, inda tollido
de adventicia ramaxe, ermo e adusto.

Volver aló, cobrar vella memoria
do trisquele despacioso da semente
xirando nos solsticios coma noria.

Volver aló, fincarse xordamente
semellante a carballa sobre escoria
de tristezas no outono decadente.

-VII-

Enterrarán meu corpo na Terra Chá nativa,
non quedará semente de min nas miñas chousas,
meus fillos irán lonxe, seguramente as silvas
invadirán a lauda, cubrirán o moimento,
e ó cabo de cen anos ninguén lerá o meu nome

debaixo dos couselos e do pálido musgo,
degresarase a cova, derramaranxe os osos,
calcio e fósforo voltos compoñentes de terra.

E os da miña xinea -se pervive espallada
noutro lugar da patria- non saberán que houbera
nun lugar do camiño escuro do seu sangue
un que temía a morte con horror sen mesura
e quería ser bronce, pedra mármore, ou vento
pra volver cada outono ós países da infancia.